



BOP

MÉRCORES, 28 DE MAIO DE 2025

N.º 120

DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

SERVIZO DE CONTRATACIÓN E FOMENTO. UNIDADE DE OBRAS E PLANS

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Polo órgano competente desta Deputación foi tomado en consideración o proxecto da obra:

2025/CON_02/000054.- BARREIROS.- REHABILITACIÓN DE FIRME LU-P-0610 "ENLACE PRAIAS ALTAR - REINANTE - GLORIETA AS CATEDRAIS" P.K. 0+150 A 1+422

2025/CON_02/000055.- A FONSAGRADA - NAVIA DE SUARNA.- REHABILITACIÓN DE FIRME LU-P-1901 "FONSAGRADA (LU-530) - NAVIA (LU-722)" P.K. 4+360 A 6+430 E P.K. 22+600 A 25+312

En cumprimento do que se dispón no art. 93 do T.R.R.L aprobado por R.D.L. 781/86, e demais normativa de aplicación, ábrese un período de información pública para os efectos de alegacións, reclamacións ou suxestións por parte de persoas ou entidades lexitimadas, por espazo de VINTE (20) días hábiles contados a partir do seguinte á publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade e aos efectos establecidos no Art. 93 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de Abril e no Art. 83 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O devandito proxecto estará a disposición no portal de transparencia da Deputación Provincial <https://portaltransparencia.deputacionlugo.org>

Lugo, 23 de maio de 2025.- O SECRETARIO XERAL, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 1394

GOBERNO DE ESPAÑA

DELEGACIÓN DO GOBERNO EN GALICIA. ÁREA DE INDUSTRIA E ENERXÍA

Anuncio

Notificación de 20 de mayo de 2025 en procedimiento de Consulta a las AAPP afectadas y a las personas interesadas. (art. 37 ley 21/2013), por el que se emplaza a los interesados para ser notificados por comparecencia en el expediente con referencia PEol-910, de la instalación eólica «SATREBARES» de 125 MW de potencia instalada, y su infraestructura de evacuación.

De conformidad con lo dispuesto en el artículo 44 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del procedimiento administrativo común de las administraciones públicas, las notificaciones que no hayan podido practicarse se harán por medio de anuncio en el Boletín Oficial del Estado (BOE), quedando supeditada su eficacia a su publicación en el Tablón Edictal Único (TEU) del BOE.

Asimismo, previamente y con carácter facultativo, las Administraciones podrán publicar un anuncio en el boletín oficial de la Comunidad Autónoma o de la Provincia.

Por lo anterior, y después de intentada la notificación a los interesados que se señalan en el anexo, se publica el presente anuncio, que tendrá efectos a partir del día siguiente al de su publicación en el BOE.

Sin perjuicio de lo anterior, y en virtud de lo dispuesto en el citado artículo 44 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, este anuncio, previamente y con carácter facultativo, se publica en el boletín oficial de la Provincia de A Coruña y en el boletín oficial de la Provincia de Lugo.

La comparecencia deberá efectuarse en el plazo de diez (10) días, contados desde el siguiente al de publicación de este anuncio, ante el Área Funcional de Industria y Energía de la Delegación del Gobierno en Galicia, Plaza de Ourense, n.º 11, A Coruña, C.P. 15003, de 9.00 a 14.00 horas, de lunes a viernes.

Transcurrido dicho plazo sin efectuarse la comparecencia, la notificación se entenderá producida desde el día siguiente al del vencimiento del plazo señalado para comparecer.

ANEXO

Relación de interesados con notificación infructuosa

Interesado/a	Acto que se notifica	Identificador de la notificación electrónica
G79472643	Consulta a las AAPP afectadas y a las personas interesadas. (art. 37 ley 21/2013).	3125009679b7b26cad45
G36854263	Consulta a las AAPP afectadas y a las personas interesadas. (art. 37 ley 21/2013).	7449254679ba86a9a70d

A Coruña, 20 de mayo de 2025.- El Director del Área de Industria y Energía, Francisco Javier Filgueira Rodríguez.

R. 1386

CONCELLOS

ABADÍN

Anuncio

Contratación/Nomeamento de persoal resultante do proceso de estabilización de emprego convocado polo Concello de Abadín.

De conformidade co establecido nas bases 11ª e 13ª das xerais que rexen os procesos selectivos convocados polo Concello de Abadín para cubrir varias prazas incluídas na oferta de emprego público extraordinaria para a estabilización de emprego temporal de longa duración, por decretos da alcaldía de data 15 de maio de 2025 acordouse:

- Contratar como persoal laboral fixo ás seguintes persoas aspirantes nos procesos selectivos convocados para cada unha das prazas que se indican a continuación:

Denominación	Nº de prazas	Nome e apelidos	NIF
Auxiliar de Biblioteca e asuntos culturais	1	María Jesús Bello Fernández	***7212**
Peón-Conductor/a	2	Jesús Goás Bello	***8038**
		Jesús Castiñeira Rego	***7911**
Técnico/a de Educación Infantil	1	Edita Castiñeira Currás	***3907**
Axente de emprego e desenvolvemento local	1	Roberto Lindín Novo	***3958**
Traballador/a social	1	María Cristina Pardo Otero	***7958**

- Nomear como funcionarios de carreira ás seguintes persoas aspirantes no proceso selectivo convocado para a cobertura das seguintes prazas que se indican a continuación:

Denominación	Nº de prazas	Nome e apelidos	NIF
Auxiliar Administrativo	2	Martín Díaz Cabado	***1862**
		Lucía Fernández Rodríguez	***8060**

De conformidade co sinalado na base 13ª das xerais que rexen os procesos selectivos, a toma de posesión ou formalización do contrato efectuarase no prazo máximo de un (1) mes a partir da publicación da resolución no Boletín Oficial do Estado.

Os devanditos decretos de alcaldía de contratación e nomeamento nos que figuran as propostas dos Tribunais de selección, atópanse publicados integramente nos taboleiros de anuncios do Concello e da Sede electrónica do Concello de Abadín: <https://abadin.sedelectronica.gal/>.

O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos oportunos.

Abadín, 16 de maio de 2025.- O alcalde, José M^a López Rancaño.

R. 1408

BEGONTE

Anuncio

Por resolución de Alcaldía, aprobouse o padrón fiscal correspondente ao mes de marzo de 2025 do servizo de axuda no fogar a través da lei de dependencia por un importe de 5.877,53€ e o programa básico de axuda no fogar por un importe de 120€.

Por medio do presente expónse público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles a contar dende o día seguinte á publicación do anuncio no BOP, para que podan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O que se fai público para xeral coñecemento do presente anuncio, que ten carácter de notificación colectiva, en cumprimento do disposto no Regulamento Xeral de Recadación e na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Begonte, 20 de maio de 2025.- O Alcalde, D. José Ulla Rocha.

R. 1387

FRIOL

Anuncio

Ao quedar definitivamente aprobado, polo Pleno deste Concello, o Orzamento Municipal para o exercicio económico de 2025, por acordo adoptado en sesión Ordinaria celebrada o día vinte e sete de marzo de dous mil vinte e cinco, en cumprimento do que dispón o artigo 169.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, faise público que dito Orzamento ascende, tanto no seu Estado de Gastos como de Ingresos, a **cinco millóns trescentos quince mil euros (5.315.000,00 €)**, correspondendo a cada capítulo as cantidades que de seguido se expresan, según o seguinte detalle:

ESTADO DE GASTOS

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
1	Gastos de persoal.....	1.404.770,36.-
2	Gastos correntes en bens e servizos	2.457.731,35.-
3	Gastos financeiros.....	22.887,10.-
4	Transferencias correntes.....	146.752,78.-
5	Fondo de continxencia e outros imprevistos	0,00.-
6	Investimentos reais.....	1.282.858,41.-
7	Transferencias de capital.....	0,00.-
8	Activos financeiros.....	0,00.-
9	Pasivos financeiros.....	0,00.-
SUMA TOTAL DOS GASTOS.....		5.315.000,00.-

ESTADO DE INGRESOS

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
1	Impostos directos.....	1.109.457,56.-
2	Impostos indirectos.....	273.080,98.-
3	Taxas, prezos públicos e outros ingresos	472.902,89.-
4	Transferencias correntes.....	2.421.991,26.-
5	Ingresos patrimoniais.....	14.823,21.-
6	Alleamento de investimentos reais.....	550,00.-
7	Transferencias de capital.....	1.022.194,10.-
8	Activos financeiros.....	0,00.-
9	Pasivos financeiros.....	0,00.-
SUMA TOTAL DOS INGRESOS.....		5.315.000,00.-

Na referida sesión, tamén se acordou aprobar as bases de execución do orzamento, o cadro de persoal e a relación de postos de traballo, reservados ao persoal funcionario, laboral e eventual, tal e como figuran no expediente de tramitación do Orzamento no que se inclúen os créditos necesarios para o abono das dotacións correspondentes. Todo elo de acordo co disposto no art. 126.1 do Real Decreto Lex. 781/1986, de 18 de abril, en relación co art. 90 da Lei 7/1985, de 2 de abril, e que de seguido se transcribe. Indicar que en relación co persoal, no que respecta á Tesourería, estarase ao indicado na memoria da Alcaldía, os informes emitidos e a Resolución da directora xeral de Administración Local, de data 22 de marzo de 2017. No caso da relación de postos de traballo, visto o disposto no artigo 202.2 da Lei 2/2005, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, a súa exposición pública rematou o día 07 de maio de 2025, sen que se formularsen reclamacións. Polo tanto, considerase definitivamente aprobada a relación de postos de traballo que figura neste Edicto.

RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO ANO 2025:**A).- FUNCIONARIOS:**

DENOMINACIÓN	DOT	N.	C.E.M.	T.P.	F.P.	ADSCRIPCIÓN	TITULACIÓN
SECRETARÍA-INTERVENCIÓN	1	28	2.082,40	S	C	HABILI. ESTATAL	L. DEREITO
TÉCNICO M. - TESOUREIRO (A EXTINGUIR)	1	26	1.699,70	S	OP	ADMINIS. ESPECIAL	D. UNIVERSI.
ADMINISTRATIVO	1	22	796,78	N	COP	ADMINIS. XERAL	B. SUPERIOR
ADMINISTRATIVO	1	22	795,89	N	COP	ADMINIS. XERAL	B. SUPERIOR
ADMINISTRATIVO/A - TESOUREIRO/A (VACANTE - NOVA CREACIÓN, 2025)	1	22	796,78	N	COP	ADMINIS. XERAL	SUPERIOR
ADMINISTRATIVO/A (VACANTE- NOVA CREACIÓN, 2024)	1	20	725,00	N	COP	ADMINIS. XERAL	SUPERIOR
VIXIANTE MUNICIPAL	1	17	711,59	S	OP	ADMINIS. ESPECIAL	G. ESCOLAR

DOT=Dotación; N.=Nivel; C.E.M.=Complemento Específico mensual (14 meses); T.P.=Tipo de puesto; S=singularizado; N=No singularizado; F.P.=Forma de provisión; C=Concurso; OP=Oposición; COP=Concurso Oposición.

Contido principal do posto de traballo de nova creación: Grupo C, Subgrupo C1, xefe/a de sección de contabilidade, xestión tributaria e recadación, tamén a función de tesourería (tesoureiro/a).

B) PERSOAL LABORAL FIXO:

DENOMINACIÓN	DOT	TITULACIÓN	OBSERVACIÓNS
TRABALLADOR SOCIAL – SERVIZOS SOCIAIS	1	TRABALLO SOCIAL	
AXENTE DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL	1	DIPLOMADO	
ENCARGADA DO P.A.I.	1		CUBERTA
PERSOAL DE APOIO DO P.A.I.	1		CUBERTA
PEÓN	1	E. PRIMARIOS	
ENCARGA. BIBLIOTECA E SECRETARÍA XULGADO DE PAZ	1	B. SUPERIOR	
OPERARIO DE SERVIZOS MÚLTIPLES	1	CERTIFICADO DE ESCOLARIDADE	
OFICIAL 1ª, ENCARGADO DE OBRAS E SERVIZOS MÚLTIPLES	1	GRADUADO ES. OU E.S.O.	CUBERTA
OFICIAL 1ª, DE OBRAS E SERVIZOS MÚLTIPLES	1	GRADUADO ES. OU E.S.O.	CUBERTA
OFICIAL 1ª DE OBRAS E SERVIZOS MÚLTIPLES	1	GRADUADO ES OU E.S.O.	VACANTE PROMOCIÓN INTERNA
PEÓN DE OBRAS E SERVIZOS MÚLTIPLES	1	ESTUDIOS PRIMARIOS	VACANTE
ATENCIÓN TEMPERÁ.- TERAPEUTA OCUPACIONAL	1	TÍTULO DE GRADO OU LICENCIADO/A	VACANTE CUBERTA POR INTERINA
ATENCIÓN TEMPERÁ.- PSICÓLOGO/A	1	TÍTULO DE GRADO OU LICENCIADO/A	VACANTE CUBERTA POR INTERINA
ATENCIÓN TEMPERÁ.- ENFERMEIRO/A	1	TÍTULO DE GRADO OU LICENCIADO/A	VACANTE CUBERTA POR INTERINA
ATENCIÓN TEMPERÁ.- LOGOPEDA	1	TÍTULO DE GRADO OU LICENCIADO/A	VACANTE CUBERTA POR INTERINA

ANEXO Á RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO ANO 2025:**1).- PERSOAL LABORAL CONTRATADO/TEMPORAL (NON FIXO)**

POSTO DE TRABALLO OU CARGO	NÚMERO DE POSTOS	CARACTERÍSTICAS
Persoal do P.A.I.	2	En caso de crearse a Escola Infantil.
Atención Temperá.- Terapeuta ocupacional	1	A extinguir en caso de cubrise como laboral fixo
Atención Temperá.- Psicóloga	1	A extinguir en caso de cubrise como laboral fixo
Atención Temperá.- Enfermeira	1	A extinguir en caso de cubrise como laboral fixo
Atención Temperá.- Logopeda	1	A extinguir en caso de cubrise como laboral fixo
GES.- Grupo de emerxencia supramunicipal.- Peóns	12	Xornada completa

CADRO DE PERSOAL ANO 2025:**1.- FUNCIONARIOS DE CARREIRA:**

Secretario – Interventor Habilitación Estatal	A1/A2	Propiedade
Técnico-Medio – (Tesoureiro) Administración Especial	A2	Propiedade (a extinguir)
Administrativo Administración Xeral	C1	Propiedade
Administrativo Administración Xeral	C1	Propiedade
Administrativo/a Administración Xeral	C1	Vacante (cuberta en interinidade)

Administrativo Administración Xeral	C1	Propiedade
Vixiante Municipal Administración Especial	C2	Propiedade

2.- PERSOAL LABORAL FIXO:

POSTO DE TRABALLO OU CARGO	NÚMERO DE POSTOS	CARACTERÍSTICAS
Traballador Social	1	Xornada completa
Axente de Emprego e Desenvolvemento L.	1	Xornada completa
Encargada do P.A.I.	1	Xornada completa
Persoal de apoio do P.A.I.	1	Xornada completa
Peón	1	Xornada completa
Peón de obras e servizos múltiples	1	Vacante
Encargada Biblioteca e Secretaria Xulgado	1	Xornada completa
Operario de servizos múltiples	1	Xornada completa
Oficial 1ª, encargado de obras e servizos múltiples	1	Xornada completa
Oficial 1ª, de obras e servizos múltiples	1	Xornada completa
Oficial 1ª, de obras e servizos múltiples	1	Vacante (promoción interna)
Atención Temperá.- Terapeuta ocupacional	1	Vacante (ocupada por interina)
Atención Temperá.- Psicólogo/a	1	Vacante (ocupada por interina)
Atención Temperá.- Enfermeiro/a	1	Vacante (ocupada por interina)
Atención Temperá.- Logopeda	1	Vacante (ocupada por interina)

3.- PERSOAL EVENTUAL:**Ningún.****4.- ALTOS CARGOS:**

DENOMINACIÓN	NÚMERO DE POSTOS	SITUACIÓN
Alcalde-Presidente	1	Dedicación exclusiva
Concelleira Delegada da Alcaldía, Desenvolvemento Local, Cultura, Turismo e Sanidade	1	Dedicación parcial
Concelleiro Delegado de Emerxencias, Servizos Rurais, Traballo e Novas Tecnoloxías	1	Dedicación parcial

O Cadro de persoal laboral temporal poderá ampliarse coas subvencións que este Concello poida recibir da Comunidade Autónoma ou de outros organismos públicos para financiar ou cofinanciar a contratación de persoal de obras ou servizos determinados; ou ben por necesidades perentorias do servizo.

De conformidade co preceptuado no artigo 171.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, contra a aprobación definitiva do Orzamento Municipal, poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses que se computarán desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Friol, 21 de maio de 2025.- O Alcalde, José Ángel Santos Sánchez.

R. 1388

*Anuncio***BASES SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL PARA A PROVISION DE 2 POSTOS DE SOCORRISTAS PARA O SERVIZO: VIXILANCIA, RESCATE E SALVAMENTO NOS ESPAZOS ACUÁTICOS NATURAIS E INSTALACIÓNS ACUÁTICAS DESCUBERTAS DO CONCELLO DE FRIOL (PISCINA MUNICIPAL DO CONCELLO DE FRIOL) E CREACIÓN DE BOLSA DE TRABALLO PARA AS CAMPAÑAS 2025 E 2026****1.-OBXETO:**

O obxecto da presente convocatoria e a contratación laboral de carácter temporal, mediante contrato de traballo de duración determinada de 2 postos de socorrista en espazos acuáticos naturais para o Concello de Friol.

2.- CARACTERISTICAS DO POSTO DE TRABALLO OFERTADO:

Denominación do posto:	Socorrista
Réxime	Contratación temporal
Unidade/Área	Servizos
Titulación esixible	Graduado en ESO mais a exisida no Decreto 152/2021 de 21 de outubro para o exercicio profesional das actividades de socorrismo.
Sistema de selección	Concurso-oposición
Núm. de Postos que se convocan	2
Duración	3 meses + 1 día (dende o 14/06/2025 ata o 14/09/2025 inclusive)

3.- MODALIDADE E CONDICIÓNS DO CONTRATO:

Modalidade segundo regulación do RDL. 2/2015 (Estatuto dos Traballadores)-	Cláusulas específicas contrato da mellora da ocupabilidade e a inserción laboral
Réxime de dedicación (xornada completa ou parcial)	Xornada completa a quendas
Xornada de traballo	40 horas semanais a quendas
Retribución bruta mensual	1,184€ brutos /mes

4.- REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES:

a) Ter a nacionalidade española, ou algunha outra que, con arranxo ao disposto no artigo 52 da Lei 2/2015, permita o acceso ao emprego público.

b) Estar en posesión da titulación que se esixa nas bases no momento da presentación das solicitudes.

c) Non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin acharse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratase de acceder ao corpo ou escala de persoal funcionario do que a persoa fose separada ou inhabilitada.

Non ser despedido mediante expediente disciplinario de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin acharse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratase de acceder á mesma categoría profesional á que se pertencía.

No caso de nacionais doutros estados, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia o acceso ao emprego público nos termos anteriores.

d) Ter cumpridos o dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

e) Posuír as capacidades e aptitudes físicas e síquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.

f) Título de Graduado en ESO. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberá estarse en posesión da credencial que acredite a súa homologación.

g) Acreditación da posesión de cualificación profesional das actividades de socorrismo acuático, información e primeiros auxilios nos espazos acuáticos naturais e instalacións acuáticas na Comunidade Autónoma de Galicia de acordo co disposto no Decreto 152/202, do 21 de outubro.

h) Estar inscrito no correspondente Rexistro Profesional do Persoal de Socorrismo, Información e Primeiros Auxilios de Galicia na sección correspondente de espazos acuáticos naturais, mediante acreditación expedida polo organismo competente.

I) Estar inscrito na oficina de emprego do Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupadas e dispoñibles para o emprego.

J) Certificado de Lingua Galega Nivel 2 (Celga 2) ou equivalente.

K) Certificado médico que acredite que non se padecen enfermidades nin defecto físico ou psíquico que impida ou dificulte as funcións de socorrista.

L) Certificación negativa do Rexistro Central de Delinquentes Sexuais.

4.1. CONDICIÓNES ESIXIDAS ÓS CANDIDATOS:

Todos os requisitos esixidos ós aspirantes deberanse reunir con referencia ao último día do prazo de presentación de instancias.

5. PUBLICIDADE:

As presentes Bases publicaranse no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Friol.

Os sucesivos anuncios e trámites relativos a este procedemento selectivo publicaranse no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Friol.

6.- PROCEDEMENTO SELECTIVO:

6.1. DOCUMENTACIÓN:

As persoas interesadas presentarán no rexistro xeral do Concello ou por calquera dos medios que establece o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, a solicitude debidamente cumprimentada, e no modelo oficial que se publica como Anexos I e II, de estas bases, asinada e dirixida ao Alcalde do Concello de Friol, xunto coa documentación que na mesma se indica.

6.2 PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS INSTANCIAS:

O prazo de presentación das instancias será de 5 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

6.3 ADMISIÓN:

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, o Alcalde aprobará a listaxe provisional de admitidos e excluídos, na que se indicarán, se é o caso, os motivos de exclusión.

A listaxe publicárase no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello.

Os aspirantes excluídos disporán dun prazo de dous días hábiles para emendar os erros ou defectos advertidos, a partir da publicación do anuncio na sede electrónica do Concello.

Transcorrido o prazo de dous días sen reclamacións, a lista de admitidos/as, quedará elevada automaticamente a definitiva e publicárase nos lugares anteriormente expresados.

No caso de producirse reclamacións, estas serán estudadas e ditarase resolución estimándolas ou desestimándolas. Dita resolución publicárase coa lista definitiva na sede electrónica do Concello.

6.4 ORGANO DE SELECCIÓN:

A comisión Técnica de selección ou tribunal estará integrado por:

- Un Presidente/a
- Un Secretario/a
- Tres Vogais

O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a presenza, polo menos, de tres dos seus membros, titulares ou suplentes, debendo estar presentes en todo caso o/a presidente/a e o/a secretario/a ou persoas en quen deleguen. De todas as reunións que faga o tribunal o/a secretario/a redactará acta.

Os membros do tribunal absteranse de intervir e o comunicarán á autoridade convocante cando concorran algunhas das circunstancias prevista no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. Os aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran aquelas circunstancias.

O tribunal resolverá todas as dúbidas que xurdan en aplicación das presentes bases así como nos casos non previstos polas mesmas.

Os membros concorrentes ás sesións do Tribunal e para os efectos de percepcións de asistencias clasificaranse consonte o disposto no artigo 33 do Real Decreto 462/2002 sobre indemnizacións por razóns de servizo.

Na sesión constitutiva adoptaranse as decisións pertinentes para o correcto desenvolvemento do proceso. Os seus acordos serán impugnables nos supostos e na forma establecida pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

6.5 COLABORADORES:

A Comisión Técnica de Selección/ Tribunal, en atención ao volume de traballo en relación coa urxencia do procedemento ou debido ás especificacións técnicas das probas establecidas poderá solicitar a asistencia de persoal colaborador entre os empregados do concello ou asesoramento especial, sen que neste caso sexa necesariamente persoal da propia entidade. O persoal colaborador ou asesor terá dereito ás mesmas cantidades asignadas aos vogais en concepto de asistencia, sen prexuízo das indemnizacións por gastos que legalmente corresponda aplicar.

En ningún caso estará presente nas votacións da Comisión Técnica de Valoración/ Tribunal.

6.6 DESIGNACIÓN E NOMEAMENTO DO TRIBUNAL:

A designación dos membros do Tribunal, publicarase na sede electrónica do concello de Friol, xunto coa lista provisional de admitidos.

6.7 SISTEMA DE SELECCIÓN E PUNTUACIÓN:

A selección dos candidatos realizarase, de conformidade co previsto nas presentes bases, polo sistema de selección que se indica no cadro que se transcribe na base 2.

Para dar cumprimento á normalización do idioma galego nas administracións públicas de Galicia e para garantir o dereito ao uso do galego nas relacións coas administracións públicas no ámbito da Comunidade Autónoma, así como a promoción do uso normal do galego por parte dos poderes públicos de Galicia, de conformidade co disposto no artigo 51 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, cuxo tenor literal e o seguinte "*nas probas selectivas que se realicen para o acceso aos postos das administracións públicas incluídas no ámbito de aplicación da presente lei incluírase un exame de galego, excepto para aquelas persoas que acrediten o coñecemento da lingua galega de conformidade coa normativa vixente. As bases das convocatorias dos procesos selectivos establecerán o carácter e, no seu caso, a valoración do coñecemento da lingua galega.*".

Se o aspirante non está exento da proba de galego deberá realizar unha proba, que terá carácter eliminatorio, e consistirá nunha proba oral ou escrita proposta polo tribunal, nun tempo máximo de 15 minutos.

Cualificarase a proba como apto/a ou non apto/a e publicarase mediante anuncio no taboleiro e na sede electrónica do Concello de Friol. Os/as aspirantes disporán dun prazo de dous días hábiles para presentar as reclamacións que considere oportunas contra as referidas cualificacións.

Estarán exento da realización esta proba aqueles aspirantes que posúan o Celga 2 ou equivalente. Estes aspirantes terán a cualificación de apto.

7. FASE DE CONCURSO:

Puntuación máxima 4 puntos.

7.1.- TITULACIÓN:

Pola titulación académica que se posúa, computarase unicamente o título de maior nivel dos alegados 0,50 puntos. Non será puntuada a titulación esixida para a praza a que se opta, no presente caso.

7.2.- FORMACIÓN:

Por cursos relacionados coa actividade que se vai desenvolver, impartidos pola Administración ou homologados, ata un máximo de 1,5 puntos. Os cursos que, a xuízo do tribunal non estean debidamente acreditados ou non teñan relación coas funcións propias da praza, non serán puntuados:

Menos de 15 horas e nos que non figure número de horas: 0 puntos

De 15 a 39 horas: 0,10 puntos.

De 40 a 79 horas: 0,20 puntos.

De 80 a 159 horas: 0,40 puntos.

Mais de 160 horas: 0,75 puntos.

7.3.- COÑECEMENTO DO GALEGO:

- Pola realización ou validación, se é o caso, do curso de iniciación á lingua galega ou Celga 3: 0,25 puntos.
- E pola realización ou validación, se é o caso, do curso de perfeccionamento da lingua galega, Celga 4 o superiores: 0.50 puntos.

No caso de posuír as dúas titulacións, soamente se dará puntuación á superior.

7.4.-EXPERIENCIA PROFESIONAL:

A puntuación máxima deste parágrafo será de 1,5 puntos.

Por ter prestados servizos como socorrista en espazos acuáticos naturais ou denominación que inclúa a realización das tarefas propias da praza convocada como funcionario ou contratado laboral en calquera administración pública: 0,10 puntos por cada mes completo de servizo. Non se computarán fraccións inferiores a meses completos.

Acreditarase mediante certificación expedida polo Técnico competente de dita Administración na que se certifique o tempo traballado na mesma desempeñado as funcións de socorrista en espazos acuáticos naturais, ou outra denominación que inclúa a realización das tarefas propias da praza convocada ou mediante a aportación dos contratos de traballo nos que se especifiquen as datas de inicio e fin do servizo. Aportarase igualmente informe de vida laboral.

8. FASE DE OPOSICIÓN:

Puntuación máxima 10 puntos.

A fase de oposición consistirá na realización dunha proba práctica de SALVAMENTO E SOCORRISMO ACUATICO, PROBA COMBINADA. Tempo máximo 3 minutos.

Nesta proba valorarase especialmente a habilidade e aportación persoal do aspirante.

Para superar a proba será necesario obter unha puntuación mínima de 5 puntos.

9. OUTROS:

A cualificación definitiva do proceso selectivo estará determinada pola suma total das puntuacións obtidas na proba da fase de oposición máis a dos méritos acreditados na fase de concurso.

En caso de empate de puntuacións ordearanse ós candidatos por aquel que obtivese mellor valoración no apartado 7.4 e logo polo apartado 8. De seguir o empate realizarase o desempate por sorteo.

10. ACREDITACIÓN:

Tanto os requisitos imprescindibles, como os méritos que se aleguen, deberán ser acreditados mediante certificacións expedidas polos organismos competentes.

11. VALORACIÓN, RELACIÓN DE APROBADOS E PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

Finalizado o proceso de realización das probas establecidas e a avaliación dos méritos que anteriormente se concretan, a Comisión Técnica de Selección/Tribunal confeccionará a listaxe dos/as aspirantes que superaron o proceso selectivo por orde decrecente de puntuación, e remitirá ao órgano competente proposta de candidatos/as para a formulación do contrato, concedéndose un prazo de 2 días hábiles para alegacións que resolverá o Alcalde, previo informe da comisión de selección.

12. CONSTITUCIÓN DE BOLSA DE EMPREGO:

O tribunal de selección confeccionará unha bolsa de emprego cos aspirantes que superaron o proceso selectivo segundo a orde de puntuación obtido para cubrir posibles baixas e outras necesidades circunstanciais do servizo, xurdidas durante o período de contratación, con vixencia para a tempada de verán 2025 e a contratación do verán de 2026, con posibilidade de prórroga de dous anos máis.

O chamamento para cubrir as necesidades que xurdan ao longo de vixencia da bolsa de emprego poderá realizarse a varios candidatos de forma simultánea para que soliciten a contratación ofertada, adxudicándose posteriormente entre aqueles interesados ao que ostente maior puntuación.

Poderán rexeitar a oferta de cobertura realizada polo Concello de Friol aqueles candidatos que por unha causa xustificada non se atopen dispoñibles. De non ter unha causa xustificada, saíran definitivamente da bolsa de emprego.

Considerarase causa xustificada a de atoparse traballando no momento do chamamento tanto no sector público como o privado, situacións de incapacidade laboral temporal, baixas maternais ou excedencias de entre as previstas na lei, así como calquera outras demostrables conforme a dereito que supoñan un impedimento para aceptar a oferta realizada polo Concello de Friol.

13. - LEXISLACIÓN E NORMATIVA APLICABLE:

No non previsto nas bases, será de aplicación a Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local; o Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, Real Decreto Lexislativo 2/2015 de 23 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores e no que non estea reservado á lexislación do Estado será de aplicación o Lei 2/2015 do 29 de abril do emprego público de Galicia, Real Decreto Lexislativo 5/2015 de 30 de outubro polo que se aproba o texto refundido do EBEP, e outra normativa concordante.

14.- RECURSOS:

Contra este acto poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de DOUS MESES, contados dende o día seguinte ó da notificación do presente acto, ante o Xulgado de dita xurisdición de Lugo (artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa), así como as demais accións legais que estime pertinentes. - Malia o anterior, e con carácter previo, poderase interpoñer o recurso potestativo de reposición previsto no artigo 123 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ante o Sr. Alcalde no prazo de UN MES, contado dende o día seguinte ó da notificación do presente acto.

A xurisdición competente para resolver as controversias en relación cos efectos e resolución do contrato laboral será a Xurisdición Social.

Friol, 20 de maio de 2025.- O alcalde, José Ángel Santos Sánchez.

ANEXO I: MODELO SOLICITUDE

PRAZA CONVOCADA: VIXILANCIA E SALVAMENTO ACUATICO EN AREAS RECREATIVAS E FLUVIAIS	
D./Dª	N.I.F.
ENDEREZO:	C.P.
LOCALIDADE:	PROVINCIA:
EMAIL:	
TELEFONO:	

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

Que reúno os requisitos xerais es específicos desta convocatoria (base 4 da convocatoria), e coñecer as bases xerais da convocatoria relativas a selección de persoal laboral temporal, categoría de Socorrista e achego a seguinte documentación para a participación no proceso selectivo convocado - sinalar cun (x):

	Copia simple do DNI, Pasaporte ou tarxeta de residencia
	Título de Graduado en ESO.
	Acreditación da posesión de cualificación profesional das actividades de socorrismo acuático, información e primeiros auxilios nos espazos acuáticos naturais e instalacións acuáticas na Comunidade Autónoma de Galicia de acordo co disposto no Decreto 152/2021 polo que se regulan as condicións para o exercicio profesional das actividades de cocorrismo acuático, información e primeiros auxilios nos espazos acuáticos naturais e instalacións acuáticas da Comunidade Autónoma de Galicia
	Inscripción no correspondente Rexistro profesional do persoal de socorrismo, información e primeiros auxilios, na sección correspondente dispoñibles para o emprego, mediante acreditación expedida polo organismos competente.
	Certificación emitida polo servizo público de emprego de figurar inscrito como demandante de emprego
	Certificado de Lingua Galega Nivel 2 (Celga 2) ou equivalente
	Relacion dos méritos alegados para a súa valoración e documentos xustificativos dos mesmos.
	Certificado médico que acredite que non se padecen enfermidades nin defecto físico ou psíquico que impida ou dificulte as funcións de socorrista
	Certificación negativa do Rexistro Central de Delincuentes Sexuais

En _____ a _____ de 2025.

O/A solicitante

Asinado:

ANEXO II.- RELACION DOS MERITOS APORTADOS E ACREDITADOS

FORMACION		
DENOMINACION	CENTRO IMPARTICION	DURACION

En a de de 2025.

O/A solicitante

Asinado:

R. 1389

*Anuncio***EDICTO DE EXPOSICIÓN AO PÚBLICO**

Pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día vinte e un de abril do corrente, prestouse aprobación inicial ao seguinte padróns correspondentes ao primeiro trimestre do ano 2025:

- Padrón da taxa polo abastecemento de auga e I.V.E sobre o seu consumo (incluído o canon da auga).
- Padrón da taxa pola recollida do lixo.
- Padrón da taxa polo tratamento e eliminación de residuos.

Conforme ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, por medio do presente, ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago das taxas e canon, indicados previamente, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, considerándose definitivamente aprobados se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra os mesmos.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento. Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no vixente Regulamento Xeral de Recadación e, no artigo 62.3 da Lei Xeral Tributaria, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, o comprendido entre o quince de maio e o quince de xullo de dous mil vinte e cinco, ambos inclusive.

Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas, o día un de xuño do actual, data na que deberán ter saldo suficiente.

O resto dos contribuíntes deberán acudir ás Oficinas Municipais, onde se lles facilitarán os correspondentes recibos para efectuar dito pago.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102 da indicada Lei Xeral Tributaria.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iníciase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de apremio; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procedéndose a súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, a través do Servizo Provincial de Recadación da Excm. Deputación Provincial de Lugo.

No caso do canon da auga, según dispón o artigo 49.7 do Decreto 136/2012, de 31 de maio, polo que se aproba o Regulamento de dito canon, cando polos contribuíntes afectados non se fixera efectivo o canon da auga no período voluntario sinalado, esixírase directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia e, así mesmo, faise saber que a repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes desde que se entenda producida a notificación mediante o padrón.

Friol, 26 de maio de 2025.- O ALCALDE, José Ángel Santos Sánchez.

R. 1400

LOURENZÁ*Anuncio***Información pública**

Aprobada inicialmente polo Pleno deste Concello na sesión ordinaria celebrada o día 22 de maio de 2025, a modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do subsolo, solo e vo do dominio público local, expónse ao público polo prazo de trinta días hábiles contados a

partir do seguinte día ao da publicación deste anuncio, dentro do cal os interesados poderán presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas. De non presentarse reclamacións ou suxestións entenderase definitivo o acordo provisional, procedéndose á publicación íntegra da devandita ordenanza.

Lourenzá, 23 de maio de 2025.- O Alcalde, Javier Huertas Otero.

R. 1395

MONTERROSO

Anuncio

A través do presente anuncio, expónse ao público o padrón da taxa pola prestación do servizo de recollida, tratamento e eliminación de residuos sólidos urbanos ao Centro Penitenciario de Monterroso, correspondente ao ano 2025, polo período de quince días contados desde a publicación deste anuncio no BOP, aos efectos de exame e reclamacións, entendéndose elevado a definitivo se transcorrido dito prazo de exposición pública non se formulara reclamación algunha.

Contra o acto de aprobación do padrón mediante o presente anuncio, os interesados podrán interpoñer no prazo dun mes desde o día seguinte ao da finalización do período de exposición pública do padrón de contribuintes, recurso previo de reposición, de acordo con canto se establece no artigo 14 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais. Trancorrido o período de pagamento en voluntaria as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento.

Este anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do establecido nos artigos 102 da Lei xeral Tributaria e 24 e 25 do Real Decreto 939/2005 do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de Recadación.

Monterroso, 22 de maio de 2025.- O alcalde, Eloy Pérez Sindín.

R. 1390

NAVIA DE SUARNA

Anuncio

Elevado a definitivo, por non terse presentado reclamacións durante o prazo de exposición ao público, o acordo do Pleno, adoptado en sesión de data 26 de Marzo de 2025, de aprobación provisional do expediente de modificación da **ordenanza fiscal nº 2 reguladora da taxa pola prestación do servizo de recollida domiciliaria de lixo**.

De conformidade co disposto no artigo 17.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, faise público o texto íntegro da ordenanza fiscal coa modificación aprobada, sen que ésta entre en vigor ata que se efectúe a publicación.

Contra o presente acordo poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo nos termos establecidos no artigo 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

ORDENANZA FISCAL Nº 2 ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DOMICILIARIA DE LIXO.

ARTIGO 1º. NATUREZA E FUNDAMENTO.

En uso das facultades concedidas nos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e artigo 81 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, este Concello establece as Taxas pola prestación do servizo de recollida domiciliaria de residuos sólidos urbanos na presente ordenanza, as normas da cal atenden ó previsto nos artigos 20.4 e 57 do citado Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Aos efectos desta ordenanza fiscal, e atendendo a canto se establece no artigo 3º da Lei 22/2011, de 28 de xullo de residuos e solos contaminados, e atendendo tamén ao nivel de desenvolvemento do servizo neste Concello e as actividades predominantes no municipio, os residuos domésticos exacionados por esta taxa serán on que se recolle no artigo 4º da presente ordenanza.

ARTIGO 2º. FEITO IMPOÑIBLE.

1.- Constitúe o feito impoñible da Taxa a prestación do servizo de recepción obrigatoria de recollidas de lixo domiciliarias e residuos sólidos urbanos de vivendas, aloxamentos e locais ou establecementos onde se exercen actividades industriais, comerciais, profesionais, artísticas e de servizos.

2.- A tal efecto, consideranse lixos domiciliarios e residuos sólidos urbanos, os restos e desperdicios de alimentación ou detritus procedentes da limpeza normal de locais ou vivendas, e exclúense de tal concepto os residuos de tipo industrial, escombros de obras, detritus humanos, materias e materiais contaminados, corrosivos, perigosos ou que a recollida do vertido esixa a adopción de especiais medidas hixiénicas, profilácticas e de seguridade.

3. O servizo de recollida de lixo enténdese prestado en todo o Termo Municipal, sendo de recepción obrigatoria para todos os cidadáns. A estes efectos presumirase que todas as vivendas e locais con subministro de auga potable -municipal ou privado- e subministro de enerxía eléctrica, están efectivamente ocupadas a efectos desta taxa, con independencia da duración da ocupación, agás que o contribuínte presente proba en contrario por algún dos medios admisibles en dereito. A organización e funcionamento do servizo subordinarase ás normas que dicte o Concello para a súa regulamentación.

4. No suposto da realización de dous ou máis feitos impoñibles no mesmo local, devengarase unicamente a cota correspondente á actividade que teña sinalada a maior contía nas tarifas do artigo 5.

ARTIGO 3º. SUXEITO PASIVO.

Son suxeitos pasivos a título de contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e os entes sen personalidade xurídica a que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria que ocupen ou utilicen os inmobles situados nos lugares, prazas, rúas ou vías públicas en que se presta o servizo, xa sexa a título de propietario ou de usufrutuario, habitacionista, arrendatario ou incluso de precario.

Terán a consideración de substitutos do contribuínte os propietarios das vivendas ou locais, os cales poderán repercutir, no seu caso, as cotas satisfeitas sobre os usuarios de aqueles, beneficiarios do servizo.

ARTIGO 4º. EXENCIÓNS.

Ó abeiro do establecido no artigo 24.4 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, gozarán de exención subxectiva os contribuíntes beneficiarios da Renda de Inserción Social de Galicia (RISGA). Para ter dereito á obtención deste beneficio, o interesado deberá solicitalo e acreditar o cumprimento das condicións que motivan o seu outorgamento e a solicitude deberá ser informada favorablemente polos Servizos Sociais do Concello.

Artigo 5º. COTA TRIBUTARIA.

1. A cota tributaria consistirá nunha cantidade fixa, por unidade de local, que se determinará en función da natureza e destino dos inmobles.

2. A tal efecto aplicaranse as seguintes tarifas:

CONCEPTO	COTA ANUAL/EUROS
A. Vivendas	84
B. Supermercados e autorservicios	160
C. Restaurantes	150
D. Talleres mecánicos	160
E. Gasolineras	160
F. Funerarias	150
G. Calquera outro local ou establecemento non incluído nos apartados anteriores.	130

No caso de que a oficina ou establecemento estea situada na mesma vivenda, sin separación, aplicarase unicamente a tarefa procedente, quedando incluída nela a tarifa do epígrafe A.

ARTIGO 6º. PERÍODO IMPOSITIVO E DEVENGO.

A taxa devégase e nace a obrigaçión de contribuír desde o momento en que se inicie a prestación do servizo, entendéndose iniciada, dada a natureza de recepción obrigatoria do mesmo, cando estea establecido e en funcionamento o servizo municipal de recollida de lixo domiciliario nos lugares, e rúas onde figuren as vivendas, locais ou establecementos utilizados polos contribuíntes suxeitos á Taxa.

Establecido e en funcionamento o servizo, o devengo terá lugar o 1 de xaneiro de cada ano, e o período impositivo comprenderá o ano natural, salvo nos supostos de inicio ou cese do servizo.

No suposto de inicio do servizo, a taxa devengarase polos trimestres completos nos que se presta o servizo, mentres que no suposto de cese do servizo, a taxa devengarase polos trimestres cumpridos de prestación do mesmo, incluído aquel no que se encontra o día que finaliza a prestación do servizo.

ARTIGO 7º. DECLARACIÓN E INGRESO.

A taxa por recollida de lixo, xestionarase mediante padrón ou matrícula. En todo caso, os obrigados tributarios deberán poñer en coñecemento da Administración municipal toda variación dos datos figurados na matrícula, que poida orixinar baixa ou alteración no padrón.

Esta obrigación deberá cumprirse no prazo dun mes desde que se produza a circunstancia determinante da modificación.

O pago da cota terá carácter trimestral.

A cobranza poderá realizarse en recibo conxunto coa Taxa da rede de sumidoiros e do servizo de abastecemento domiciliario de auga potable. Están obrigados ó pago as persoas que constan como titulares da vivenda ou local para os efectos de prestación do citado servizo de augas, de conformidade co artigo 3 desta ordenanza. A alta no servizo de augas leva consigo a correlativa inclusión no Padrón de recollida de lixo.

ARTIGO 8º. INFRACCIÓN E SANCIÓN TRIBUTARIAS.

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que a elas correspondan, estarase ó disposto nos artigos 181 e seguintes da Lei xeral tributaria.

DISPOSICIÓN DEROGATORIA ÚNICA.

Queda derogada a Ordenanza fiscal nº 2, de recollida domiciliaria de lixo, aprobada polo Pleno do Concello o día 15 de novembro de 1991.

DISPOSICIÓN FINAL.

A presente Ordenanza fiscal, cuxa redacción definitiva foi aprobada polo Pleno da Corporación, na sesión celebrada o día 19.11.2012, entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e comezará a aplicarse a partir do 1 de xaneiro de 2012. Permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Navia de Suarna, 21 de Maio de 2025.- O Alcalde, José Fernández Fernández.

R. 1391

RIBADEO

Anuncio

Expediente 1090/2025

APROBACIÓN INICIAL.

Modificación orzamentaria 13/2025, SUPLEMENTO CREDITO FINANCIADO CON BAIXAS CAPITULO 6

O Pleno do Concello de Ribadeo, en sesión que se levou a cabo o día 20/05/2025 acordou a aprobación inicial do expediente de modificación de créditos núm. 13/2025 do Orzamento en vigor, na modalidade de SUPLEMENTO CREDITO FINANCIADO CON BAIXAS CAPITULO 6, por importe de 9.639,65€

En cumprimento do disposto no artigo 169.1, por remisión do 179.4, do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real decreto 2/2004, do 5 de marzo, sométese o expediente á exposición pública **durante o prazo de quince días**, contados desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas.

Se unha vez transcorrido ese prazo non se presentan alegacións, considerarase aprobado definitivamente o dito acordo.

Ribadeo, 21 de maio de 2025.- O Alcalde, Daniel Vega Pérez.

R. 1392

*Anuncio***APROBACIÓN INICIAL.****Modificación orzamentaria 25/2025, TRANSFERENCIA DE CRÉDITO DISTINTA ÁREA DE GASTO POR AFORRO ENERXÉTICO**

O Pleno do Concello de Ribadeo, en sesión que se levou a cabo o día 20/05/2025 acordou a aprobación inicial do expediente de modificación de créditos núm. 25/2025 do Orzamento en vigor, na modalidade de TRANSFERENCIA DE CRÉDITO DISTINTA ÁREA DE GASTO POR AFORRO ENERXÉTICO por importe de 20.000 €

En cumprimento do disposto no artigo 169.1, por remisión do 179.4, do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real decreto 2/2004, do 5 de marzo, sométese o expediente á exposición pública durante o prazo de quince días, contados desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas.

Se unha vez transcorrido ese prazo non se presentan alegacións, considerarase aprobado definitivamente o dito acordo.

Ribadeo, 26 de maio de 2025.- O Alcalde, Daniel Vega Pérez.

R. 1401

O VICEDO*Anuncio*

Por acordo da Xunta de Goberno Local de 15 de maio de dous mil vinte e cinco, prestouse aprobación ás liquidacións correspondentes ó padrón da taxa por entrada de vehículos a través das beirarrúas correspondente ó ano 2025.

De conformidade co disposto no artigo 102.3 de Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria aplicable á facenda das entidades locais en relación co disposto no artigo 12 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aprobou o texto refundido da lei reguladora de facendas locais, quedan expostos ó público, durante o prazo de 15 días para o seu exame e reclamación por parte das persoas interesadas. O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ó abeiro do artigo 102 da Lei 58/2003 xeral tributaria.

Contra as débedas consignadas no padrón e notificadas colectivamente mediante o presente anuncio, os interesados poderán interpor os seguintes recursos:

- Reposición, perante o Sr. Alcalde - Presidente, no prazo de un mes, contado dende o día seguinte ó da finalización da exposición pública do padrón, que se entenderá desestimado transcorrido un mes dende a súa interposición sen resolverse expresamente.
- Contencioso – administrativo, perante o Xulgado do Contencioso – administrativo, no prazo de dous meses se a resolución do recurso de reposición é expresa, e no prazo de seis meses dende a súa interposición, se non fose expresa.
- Calquera outro recurso que as persoas interesadas consideren oportuno.

O Vicedo, 21 de maio de 2025.- O Alcalde, José Jesús Novo Martínez.

R. 1393